

## GALERÍA DE ARTE

# Performances

**E**STA tempada o CGAC delíitanos coa obra dun artista neoiorquino que conta cunha importante traxectoria artística. Vito Acconci (1940). Con extraordinario talento consegue a nosa inmersión no seu xogo, onde lle preocupa moito domina-lo espacio. Aprópiase deste último e invita o espectador a participar del, isto maniféstase patente en obras tan significativas como 'Underlessons', onde o noso autor nos brinda a oportunidade de asistir a unha lección que el mesmo imparte, voz en off, nun metarrecinto que se converte nun espacio simbólico con dobre significación público-privada. A través da súa voz subterránea percibímo-lo seu aspecto físico, o seu posible comportamento, e nós, asistentes ó acto nun recinto de cemento, sentímonos enchidos de certa tensión. Esta obra inevitablemente tráenos ó recordo a acción de Beuys cando trataba de explicarlle os cadros a unha lebre morta. En ámbolos artistas as súas accións son actuacións onde ó que lle toca descifra-lo seu significado é o espectadore este sente que o conxunto desta obra é unha parodia das institucións académicas.

Acconci, como bo representante do body art, traballa absolutamente con case tódalas partes do seu corpo, faceta esta suficientemente representada na sala dedicada a traballar con medios audiovisuais tan útiles na nosa sociedade tecnolóxica e consumista onde se destila un narcisismo esaxerado e un desexo de aflorar escenas totalmente íntimas ó espacio do visitante; así mesmo apreciable nas fachadas do propio edificio onde nada menos que o corazón dunha vivenda coas súas estancias más sagradas se converte nun hábitat aberto á imaxinación, non codificado por esquemas categóricos públicos ou privados. Noutra das súas performances, a que nos permite ascender a unha das fachadas por uns escalóns emblemáticos engalanados con árbores, créase unha integración plástica coa obra arquitectónica e invita ó espectador a observa-la obra e asociala con conceptos subxectivos ligados ó ritmo vital do ser humano.

Fátima Otero